

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,  
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 16.01.2019      Hora: 16:00

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de xaneiro de 2019, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto único: Proposicións non de lei**

- 1.1            26246 (10/PNC-002026)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 264, do 21.02.2018*
- 1.2            27863 (10/PNC-002162)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Torrado Quintela, Julio e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos déficits que presenta a dotación de medios humanos e materiais do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 280, do 21.03.2018*
- 1.3            40256 (10/PNC-003251)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas, así como a recuperación das prazas amortizadas na atención primaria e hospitalaria  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018*
- 1.4            40346 (10/PNC-003259)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas referidas ás deficiencias existentes no Servizo de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018*



- 1.5 40661 (10/PNC-003293)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Vázquez Verao, Paula  
Sobre o incremento por parte do Goberno galego da dotación de medios humanos e de recursos económicos da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, FUNGA, a mellora da súa coordinación cos servizos sociais comunitarios e a convocatoria dun concurso para a cobertura da praza de director xerente  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 390, do 28.11.2018*
- 1.6 41224 (10/PNC-003351)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de construción do centro de atención para persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos de Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 397, do 13.12.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez  
Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 11/01/2019 12:35:54



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
Data asento: 11/01/2019 13:47:59  
**Nº Rexistro: 13130**  
Data envío: 11/01/2019 13:47:59.444

CSV: REXISTRO-XT8G1SDJH-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 16.01.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 16.01.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.1 26246(10/PNC-002026)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para atender as demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas

*Publicación da iniciativa, 264, 21.02.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2018 13:21  
Nº Rexistro: 26246  
Data envío: 15/02/2018 13:21:22.784

### Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á necesidade de atender as reclamacións d@s profesionais dos PACs.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada PAC do Servizo Galego de Saúde, están a denunciar que as condición de traballo empeoraron nos últimos anos tanto en recursos humanos e materiais como en retribucións e presión asistencial, de xeito especial dende a creación das Estruturas Organizativas de Xestión Integradas EOXIS. Denuncian que a súa situación laboral está sendo insostíbel e polo tanto a repercusión asistencial. Os acordos asinados co Sergas no ano 2008 non se cumpriron e menos foron revisados nin actualizados, negándose o Sergas a convocar a comisión de seguimento do acordo para actualizalo en beneficio d@s profesionais.

Faise polo tanto imprescindible que por parte da Consellaría de Sanidade, do Sergas, se lle dea solución a esta situación. Este colectivo de profesionais ten unha táboa reivindicativa que consideramos xusta e debe ser asumida por parte do Sergas, por esa razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei que reproduce a mesma para o seu tratamento en comisión:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2018 13:21**  
**Nº Rexistro: 26246**

Data envío: 15/02/2018 13:21:22.784

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a atender as demandas d@s profesionais que prestan os seus servizos nos Puntos de Atención Continuada PAC do Servizo Galego de Saúde que solicitan:

- Equipos completos médic@/enfermeir@ en todos os PACs. A atención a emerxencias sen persoal adecuado no é aceptábel nun país desenvolvido; e a responsabilidade desta asistencia de baixa calidade é da mala planificación por parte das EOXI
- Respecto aos tempos de traballo do persoal conforme a directivas europeas, que están para garantir unha atención eficiente por persoal descansado en beneficio d@s doentes. Isto debe ser independente de ter un contrato fixo ou traballo fraccionado, o fraccionamento de contratos non pode empregarse para non cumprir cos descansos.
- Calquera avaliación de “derivación hospitalaria” debe ser eliminada das listas de obxectivos, xa que as derivacións non son opcionais, seguen criterios médicos. Os ADX deben adecuarse ao traballo no PAC.
- A existencia de criterios obxectivos para a dotación de persoal nos PACs en base á carga asistencial, dispersión, distribución, distancia ao hospital e número de mobilizacións polo 061 para garantir o dereito a asistencia.
- O pago do 100% dos complementos de nocturnidade e festividade dende este momento e con carácter retroactivo dende o 2010.
- Que non se aumente a xornada laboral efectiva das 1451 horas actuais, calquer exceso de xornada debe ser voluntaria, incentivada e por tramos; empeorar as condicións laborais aumentarán as fugas de persoa a outras áreas e servizos e empeorará a asistencia.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/02/2018 13:21  
Nº Rexistro: 26246

Data envío: 15/02/2018 13:21:22.784

- Cómputo axeitado de Incapacidades Temporais e permisos retribuídos
- As asistencias a calquera reunión convocada dende as xerencias deben ser contabilizadas coma xornada laboral.
- As dietas dos domingos e festivos deben ser aboadas polo xantar e pola cea.
- Elaboración dos calendarios de quendas dando prioridade ao persoal propio de PAC, ocupando o persoa voluntario os ocos.
- A dotación de Equipos de Protección Individual a todo o persoal que traballa nos PAC s, inda que sexan persoal en formación ou ocasional. Debe existir un circuíto de limpeza que evite ter que levar a roupa a lavar ao domicilio persoal.”

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/02/2018 13:21**  
**Nº Rexistro: 26246**

Data envío: 15/02/2018 13:21:22.784

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/02/2018 13:04:36**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/02/2018 13:04:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/02/2018 13:04:47**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/02/2018 13:04:48**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/02/2018 13:04:50**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/02/2018 13:04:58**

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 16.01.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.2 27863(10/PNC-002162)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos déficits que presenta a dotación de medios humanos e materiais do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 280, 21.03.2018*



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Xoaquín Fernández Leiceaga e Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A situación do servizo de urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago amosa unha evidente saturación e de moi alta demanda en relación ao número de persoal que o atende, ademais de atoparse cun déficit material que dificulta a súa capacidade de ofrecer unha calidade asistencial do nivel esixido.

O propio persoal do servizo vén reclamando, de maneira habitual, a necesidade de incrementar o cadro de persoal de recursos humanos e de mellorar a dotación material do servizo. Existen problemas que inciden claramente na perda de capacidade e calidade asistencial, como o deficiente número de padiolas para atender a pacientes que ten levado a ter paradas as ambulancias por non ter padiolas para levar, ou a imposibilidade de dispoñer de aparatos de uso frecuente e normal nun servizo de urxencias.

Nesas reivindicacións, o persoal do propio servizo ten presentado ante os órganos directivos procedentes do propio hospital unha proposta de incremento de persoal, atendendo aos mínimos posibles para conxugar esa necesidade coa restrición orzamentaria que se argumenta dende as posicións de xestión do sistema. A propia Dirección do centro ten compartido esta opinión e manifestou ter trasladado esta petición á Consellería de Sanidade, estando a favor das reclamacións do persoal.

Todas estas demandas, no entanto, non están a ser atendidas e o servizo de urxencias segue a atoparse ao límite da súa capacidade, sendo un problema asistencial nos días en que se eleva a demanda de atención pola chegada de pacientes.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 14/03/2018 10:07  
Nº Rexistro: 27863  
Data envío: 14/03/2018 10:07:01.736



 Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer, coa Dirección do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, un plan de contratación de persoal que contribúa a paliar os déficits existentes entre dito centro e axude a mellorar a calidade asistencial ofrecida no servizo de urxencias..
2. Acompañar a contratación de persoal cun investimento básico no material necesario para garantir unha axeitada atención e unhas condicións adecuadas para o desenvolvemento das tarefas do Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela.

Pazo do Parlamento, 13 de marzo de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela  
Noela Blanco Rodríguez  
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga  
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Julio Torrado Quintela na data 14/03/2018 09:56:34**

**Noela Blanco Rodríguez na data 14/03/2018 09:56:40**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 14/03/2018 09:56:44**

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 16.01.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3 40256(10/PNC-003251)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas, así como a recuperación das prazas amortizadas na atención primaria e hospitalaria

*Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2018 09:30  
Nº Rexistro: 40256  
Data envío: 14/11/2018 18:39:51.951



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª**.

### Exposición de motivos

A falta dunha boa planificación por parte do SERGAS ante o previsible aumento da demanda asistencial provocada polos picos de enfermidades como a gripe, resulta cada ano máis evidente, con episodios de saturación das urxencias que son denunciados de xeito reiterado tanto polo persoal como polas persoas usuarias.

De feito, o ano pasado, tanto os xefes de urxencias dos diferentes hospitais do SERGAS, que enviaron un escrito solicitando unha maior planificación, a Comisión de Centro do CHUAC que viviu episodios de auténtico colapso nas urxencias e que denunciou a falta dun Plan de Continxencia ou a Asociación de Pacientes e Usuarios do CHUS, son exemplos de colectivos que poñían en evidencia publicamente a mala xestión e a falta de recursos.

As amortizacións de prazas e reducións de pranteis durante todos estes anos, crean unha situación precaria e de dotación insuficiente de persoal, que ten xa un carácter estrutural e que xunto coa de recursos materiais, ten como consecuencia que en momentos dun incremento significativo da asistencia, como os que veñen dados polos picos da gripe ou outra enfermidade infecciosa, a capacidade de resposta sexa moito menor, facilitando o colapso e a saturación dos servizos tal e como vemos todos os anos.





O colectivo de profesionais coincide en sinalar un importante déficit na drenaxe tanto no tempo como na forma, que provoca longas esperas en persoas que xa se sabe que teñen que ser ingresadas, pero que aínda así, esperan dende 24 a 72 horas no corredores de urxencias, o que provoca unha acumulación que condiciona a calidade asistencial así como a intimidade das persoas.

Este ano, entrada xa a campaña de vacinación da gripe, son varios os colectivos de profesionais que están en folga debido a falta de recursos e a carga asistencial, cunha nula resposta por parte de Goberno de cara a ter a vontade política de dar solución a estas situacións. Estes colectivos, resultan ademais de vital importancia no ámbito da atención nas urxencias, como pode ser o persoal dos Puntos de Atención Continuada ou o persoal do servizo de urxencias do CHUS. Unha situación que unida as carencias estruturais e a falta de previsión que precede a anos anteriores, agrava a falta de capacidade de resposta.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Elaborar plans de continxencia axeitados que permitan contar cos medios suficientes e cunha drenaxe correcta en tempo e forma.
- Incrementar os efectivos profesionais nos servizos de urxencias tanto de atención primaria como de atención especializada de xeito permanente, acordando coas representantes sindicais das e dos traballadores as melloras necesarias no inmediato.
- Proceder á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente, dotándoas co persoal necesario para absorber as necesidades de ingresos hospitalarios.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2018 09:30  
Nº Rexistro: 40256  
Data envío: 14/11/2018 18:39:51.951



- Recuperar as prazas amortizadas tanto en atención primaria como hospitalaria, negociando coas representantes sindicais a súa oferta pública.

Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 14/11/2018 18:34:40**

**Luis Villares Naveira na data 14/11/2018 18:34:47**

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 16.01.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.4 40346(10/PNC-003259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas queixas referidas ás deficiencias existentes no Servizo de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

*Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2018 17:01  
Nº Rexistro: 40346  
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás queixas presentadas por pais e nais de nen@s ingresad@s en oncoloxía pediátrica do CHUS polas deficiencias existentes no servizo.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pais e nais de nen@s ingresad@s na área de Oncoloxía pediátrica do CHUS veñen de presentar diversas queixas pola situación na que se atopa o servizo, que van desde o mantemento do material, a limpeza, a insuficiencia de habitacións en xeral e de illamento en particular o que supón un gravísimo risco para a saúde d@s nen@s en especial @s inmunodepremid@s.

Denuncian que o material está estragado e non se repón, hai camas nas que dá o sol directo e nas ventás non se pode regular a luz, mandos eléctricos das camas que non traballan, colchóns rompidos, buratos nas duchas, papel das paredes despegado, mesas de apoio esnaquizadas e oxidadas, cadeiras-sofá rompidas, armarios cotrosos, roupa da cama con buratos e remendos, árbores de medicamentos que non andan, unha pesa única para todas as habitacións...). Incluso denuncian que teñen que traer os núcleos de enchufes para ter suficientes conexións para as máquinas dos tratamento d@s seus fill@s, limpeza deficiente.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2018 17:01  
Nº Rexistro: 40346  
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

Engaden a inexistencia de ningún espazo común específico para oncoloxía pediátrica, a que en principio sería a zona destinada a este fin está dedicada a Infantopsiquiatría, moi importante tendo en conta que na maioría dos casos os ingresos son moi longos.

Outra das denuncias ten a ver cos controis nas Consultas externas, que supoñen un martirio: o tempo de espera é sempre dunhas tres horas de media porque citan a tod@s @s nen@s para a mesma hora. A sala de espera é insuficiente e mal dotada, só unha cadeira de adultos e literalmente non se colle. Tras facer a analítica, non se lles facilita almorzo nunha zona apropiada para nen@s inmunodepremid@s, teñen que ir a almorzar á cafetería do hospital, co risco que isto supón, xa que non é un espazo seguro que sería imprescindible para evitar contaxios. A todo isto hai que engadir as moitas dificultades e o prezo do aparcamento.

A denuncia máis grave é a referida á insuficiencia de habitacións para ingresos de inmunodepremid@s. Denuncian que só existen catro habitacións de illamento cotadas como tales. Que é habitual que cheguen nen@s sen defensas e que teñan que estar esperando horas na sala de curas ou na Aula Andrea, que o illamento se faga en habitacións normais que non contan coa presión de aire positiva necesaria para este tipo de pacientes inmunodepremid@s., a convivencia na área de oncoloxía con habitacións de escolares, co risco que isto supón, arrefriados, constipados ou calquera outro virus, ou que moi frecuentemente @s nen@s de oncoloxía ubícanos en habitacións de escolares, o que supón un trato desigual, xa que estas habitacións non teñen os mesmos servizos e tampouco levan unha limpeza a maiores. A situación chegou a tal gravidade que hai uns días o alicatado do baño dunha habitación na que estaban nen@s en illamento veuse abaixo podendo causar unha desgraza, e procedeuse á súa reparación sen sacar ao neno da habitación que comparte entrada con esta, con todo o que supón a obra de po e entrada e saída con materiais de construción.

Denuncian que as carencias e irregularidades moi graves que se acaban de relatar só se van superando polo bo facer do persoal.

Ao Bloque Nacionalista Galego parécelle moi grave a situación que veñen de denunciar nun servizo cunha patoloxía tan sensíbel como é a oncolóxica en xeral e máis cando se trata de nen@s o que debería requirir extremar tanto os coidados como a atención que reciben, e todo indica que non está a acontecer.

É urxente solucionar a situación e por esta razón presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Realizar de inmediato todas as accións precisas para dimensionar a área de oncoloxía pediátrica do CHUS, de xeito que poida dar resposta á demanda existente, en especial:

- Aumentar o número de habitacións da área.
- Aumentar o número de habitacións para illamento de doentes.
- Dotar a área dunha zona común equipada
- Repoñer e reparar todo o material que se atopa estragado na área.
- Mellorar a limpeza que se leva a cabo en toda a área.

2.- Proceder a mellorar as estadias nas consultas externas d@s nen@s que acoden a oncoloxía pediátrica.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/11/2018 17:01  
Nº Rexistro: 40346  
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

-Habilitar unha sala de espera cuns niveis de confortabilidade acorde á gravidade da patoloxía e aos elevados tempos de espera, a empezar por cadeiras axeitadas e en número suficiente.

-Dispensar almorzos ou outras dietas @s nen@s que o precisen nun espazo protexido, sen que se vexan obrigados a ir á cafetería.”

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/11/2018 16:59:58**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/11/2018 17:00:02**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/11/2018 17:01**  
**Nº Rexistro: 40346**  
Data envío: 15/11/2018 17:01:56.899

**Xose Luis Rivas Cruz na data 15/11/2018 17:00:04**

**Olalla Rodil Fernández na data 15/11/2018 17:00:05**

**Noa Presas Bergantiños na data 15/11/2018 17:00:06**

**Xosé Luis Bará Torres na data 15/11/2018 17:00:08**



**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 16.01.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.5 40661(10/PNC-003293)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre o incremento por parte do Goberno galego da dotación de medios humanos e de recursos económicos da Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, FUNGA, a mellora da súa coordinación cos servizos sociais comunitarios e a convocatoria dun concurso para a cobertura da praza de director xerente

*Publicación da iniciativa, 390, 28.11.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/11/2018 13:17  
Nº Rexistro: 40661  
Data envío: 21/11/2018 13:17:25.461



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.<sup>a</sup>**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Galega para o Impulso da Autonomía Persoal e a Atención ás Persoas en situación de Dependencia, FUNGA, é unha fundación destinada ao impulso da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. Constituída en 1996, é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego, encargada de prestar unha “atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño dos diversos cargos protectores.”

Para dita fundación consígnanse os seguintes créditos nos Orzamentos da Xunta de 2019: 1.007.356 € e 4.670 €, un total de 1.012.026 €.

Segundo os datos da propia FUNGA, en 2016 exerceu un total de 3010 cargos protectores, fronte aos 68 de 1997.

Estamos a falar que a FUNGA se ocupa de casos de persoas con trastornos mentais, persoas maiores e/ou con alto grao de dependencia e casos de emerxencia social graves, como situacións de persoas con diversidade sexual que sofren abusos sexuais. Persoas incapacitadas xudicialmente ás que, cando non hai



ningunha persoa no entorno familiar ou social idónea para a súa tutela, as tutela a FUNGA.

É dicir: o obxectivo último é fomentar a autonomía persoal das persoas, finalidade que non é posíbel acometer tanto polo escaso persoal como polo que parece unha ausencia de protocolo para o seguimento das persoas tuteladas pola FUNGA. Así pois, os fins de interese xeral recollidos no artigo 6 dos Estatutos da Funga, na práctica, non se acadan.

A propia Xunta ten admitido que “a previsión actual é que” a tendencia á alza no número de persoas tuteladas pola FUNGA “se manteña nos vindeiros anos en base ao progresivo envellecemento da poboación galega así como ao incremento nos últimos tempos do número de persoas beneficiarias, cada vez máis novas, diagnosticadas con trastornos mentais. Todo isto subliñado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos”.

Sen embargo, a Xunta non acompaña estas previsións nin con aumento orzamentario significativo nin cun aumento do persoal. A FUNGA tiña 23 traballadores e traballadoras en 2017 para supervisar a máis de tres mil persoas, o que manifestamente impide prestar unha atención personalizada. En 2014, contaba con 22 traballadores e traballadoras; 16 en 2015; 20 en 2016. En 2018, manterá o mesmo persoal que en 2017. Aínda así, a Xunta prevé “promover o incremento da atención persoal mediante o aumento do número de visitas” ou revisar “as prestacións das que son beneficiarios os pupilos co fin de acadarlles as máis beneficiosas”.

O seguimento social dos casos é fundamental para fomentar a autonomía das persoas, pero con este cadro de persoal é materialmente imposible. O que sucede,



na práctica, é que asumen as funcións da FUNGA tanto os Servizos Sociais Comunitarios como entidades como Cáritas.

Hai que ter en conta que a fundación foi condenada por contratar ou despedir de xeito irregular a traballadores e traballadoras e que houbo sentenzas que obrigaron a converter en indefinidos a traballadores contratados como interinos e que anularon o despedimento dunha traballadora, logo de ser elixida delegada sindical.

En maio de 2018, a Consellería de Política Social cubriu a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA, vacante dende 2015, cun cargo do PP de Ferrol sen experiencia no eido social.

Asemade, nos últimos anos, son varias as sentenzas xudiciais nas que se evidencia que as persoas tuteladas por dita fundación cometen delitos ou son vítimas dos mesmos e hai evidencias de falta de atención, directamente relacionada coa escaseza do persoal, tendo en conta o número de persoas tuteladas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Aumentar no inmediato os fondos e persoal da FUNGA ata permitir unha atención axeitada ás máis de 3000 persoas tuteladas pola fundación.
2. Mellorar a coordinación da FUNGA cos Servizos Sociais Comunitarios.
3. Sacar a concurso a praza de Dirección-Xerencia da FUNGA garantindo a cualificación necesaria para o cargo.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2018.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/11/2018 13:17**  
**Nº Rexistro: 40661**  
Data envío: 21/11/2018 13:17:25.461

Asdo.: Paula Vázquez Verao  
Deputada do G.P. de En Marea  
Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 21/11/2018 13:02:45**

**Luis Villares Naveira na data 21/11/2018 13:02:57**

**Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**

**Día: 16.01.2019**

**Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.6 41224(10/PNC-003351)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co proxecto de construción do centro de atención para persoas con diversidade funcional maiores de 21 anos de Ourense

*Publicación da iniciativa, 397, 13.12.2018*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/12/2018 13:53:57  
**Nº Rexistro: 41224**  
Data envío: 03/12/2018 13:53:57.755

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

### Exposición de motivos

A situación da atención á discapacidade e á dependencia en Galicia están a sufrir un gran deterioro derivado das políticas de retallos e desatención da Xunta de Galicia, ademais das insufribles listas de espera, do limbo da dependencia, este ámbito é mostra tamén das disfuncións territoriais e da marxinação que sofre a provincia de Ourense.

A Plataforma PROCAPOURENSE (Centro de Atención a Persoas con Diversidade Funcional), composta polos pais e nais de nenos e nenas con discapacidade, ANPA do CEE Miño, e unha amplísima representación de organizacións políticas, sindicais, e sociais da provincia de Ourense, leva tempo poñendo en evidencia unha destas discriminacións, evidenciando a falla de infraestruturas públicas non concertadas na provincia que permitan a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos atendidas nese centro ou en calquera outro da provincia.

Ourense é a única provincia que non dispón dun espazo destas características, xa que en Lugo hai un centro en Sarria con 120 prazas, Pontevedra dispón dun en Redondela co mesmo número de prazas, e a provincia da Coruña tamén conta cun centro público para que estas persoas poidan continuar coa súa formación e mellora da saúde. Que Ourense non dispoña dun centro destas características supón auténticos dramas familiares ao ter que separar centos de quilómetros ás nais e pais dos seus fillos e fillas, e vulnera o dereito a decidir das familias, polo que cumpre dar unha solución áxil e axeitada a esta situación tal como demanda dita plataforma cidadá.

Ás portas do comezo da campaña electoral das eleccións autonómicas celebradas o 25 de setembro do 2016, a Xunta de Galicia anunciaba o seu compromiso para poñer un marcha un centro público en Ourense para a continuidade na atención das persoas con discapacidade a partir dos 21 anos, sen facer ningún tipo de

CSX-REXISTRO-3/pmidX1-9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/12/2018 13:53:57**  
**Nº Registro: 41224**  
Data envío: 03/12/2018 13:53:57.755

concreción a respecto de cando se construíra o mesmo, o número de prazas do que disporá, e se os servizos que se presten no mesmo serán todos de titularidade pública.

Tralas protestas, non soamente dos pais e nais e de toda esta plataforma cidadá senón tamén de milleiros de ourensáns e ourensás que saíron ás rúas para reclamar a Xunta de Galicia que cumprira os seus compromisos, a Consellería de Política Social mudaba a posible situación do mesmo. Dende o Goberno galego anunciábase que o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade maiores de 21 anos, CAPD de Ourense, se construíra nun solar de 4600 metros cadrados cedido polo Concello de Ourense, situado no barrio de Barrocás.

O pasado mes de setembro a daquela directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, na actualidade conselleira de Política Social, presentaba en Ourense o proxecto elixido polo xulgado entre os 15 que optaban a ser o futuro centro residencial e de atención a persoas con discapacidade de Ourense, que corresponde a idea “Asiste.00” de Iglesias Veiga Arquitectos de A Coruña, que terá un custo de 5,5 millóns de euros.

O proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2019, contempla un investimento de 600.000 euros para a construción deste centro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Licitar a obra do centro de atención para persoas con diversidade funcional de Ourense para maiores de 21 anos antes de maio do ano 2019, así como que estean listos os pregos que rexerán o procedemento de adxudicación da mesma e o seu equipamento.
2. Comprometerse firmemente para que o CAPD de Ourense estea a pleno rendemento no ano 2020.
3. Adoptar de maneira urxente todas as medidas precisas para solventar, mentres o CAPD de Ourense non estea a pleno rendemento, a falla de prazas públicas para persoas con discapacidade en Ourense.

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2018

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV REGISTRO: 3/pyn1dx1-9  
Validado  
<https://seccia.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/12/2018 13:53:57**  
**Nº Registro: 41224**  
Data envío: 03/12/2018 13:53:57.755

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 03/12/2018 13:46:08**

**Raúl Fernández Fernández na data 03/12/2018 13:46:14**

**Julio Torrado Quintela na data 03/12/2018 13:46:23**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/12/2018 13:46:28**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)